**INFORME ANUAL DE SEGUIMENTO**
**Título: Grao en Filosofía**
**Curso Académico: 2012-13**

# 1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Filosofía |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | 967/2009, 2500758 |
| Rama de coñecemento | Arte e Humanidades |
| Universidade solicitante | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Facultade de Filosofía |
| Centro/s onde se imparte o título | Facultade de Filosofía |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | |
| Responsable do título | Decano: Rafael Martínez Castro |
| Correo electrónico do responsable do título | rafael.martinez@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2009-2010 |
| Data última acreditación | |

## 2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Descrición do Título** | Denominación | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9, aptdo. 1.1, p. 2, |
| | Rama de coñecemento | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9, aptdo. 1.1, p. 2 |
| | Universidade solicitante | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9, aptdo. 1.2, p. 2 |
| | Centro responsable das ensinanzas conducentes ao titulo, o no seu caso, departamento ou instituto | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9, aptdo. 1.2, p. 2 |
| | Centro/s onde se imparte o título | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/index.html |
| | No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | Non é o caso |
| | Tipo de ensinanza | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9, aptdo. 1.3, p. 2 |
| | Réxime de estudo | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rd1791-10_estest.pdf |
| | Periodicidade da oferta | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9, aptdo. 1.4, p. 2 |
| | Numero de prazas de novo ingreso ofertadas | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Numero mínimo de créditos europeos de matricula por estudante e período lectivo | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf |
| | Normas de permanencia | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf |
| | Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Titulo | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf |
| | Responsable do título | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/goberno.html |
| | Coordinador do título | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia | 10 de marzo de 2010 |
| | Data publicación BOE | http://www.boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3677.pdf |
| | Data última acreditación | - |
| | Memoria vixente do título | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf |
| | Informe final de avaliación previo á verificación | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Informe_final_Aneca_previo_verificacixn_con_alegacixns.pdf |
| **Xustificación** | Xustificación do titulo proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Referentes externos a Universidade | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 2.2, p. 6 |
| | Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf |
| | Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PE-02 |
| | Política de calidade | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PE-02 |
| | Obxectivos de calidade | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Competencias Obxectivos** | Obxectivos do titulo | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 3, p. 12 |
| | Competencias xerais que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o titulo | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 3, p. 12 |
| | Competencias específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, -PE-01. Planificación estratéxica do centro |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Acceso e admisión de estudantes** | Demanda | Acceso a datos dende a CiUG http://ciug.cesga.es/ |
| | Matrícula | Xescampus – http://www.usc.es/es/perfis/estudantes/matricula/informacion.html |
| | Información previa a matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión) | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 4.1., p. 20 |
| | Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=920 |
| | Condicións ou probas de acceso especiais, se existen | Non existen |
| | Información sobre o apoio e orientación aos estudantes | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 4.4., p. 23 |
| | Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe | Non hai curso ponte ou adaptación |
| | Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso | Non hai complementos formativos |
| | Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes | http://ciug.cesga.es/index.html |
| | Procedemento documentado para a orientación aos estudantes | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Planificación das ensinanzas** | Estrutura do programa formativo: denominación do modulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Distribución temporal | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/terminacion.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Horarios | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/horario_cursos.html |
| | Mecanismos de coordinación docente | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-09 Coordinación da actividade docente |
| | Infraestruturas | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/infraestruturas.html |
| | Guías docentes/Programación docente | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/programas.html?plan=12721 |
| | Sistema de avaliación | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/programas.html?plan=12721 |
| | Traballo fin de grao/master (Comision, convocatorias, etc.) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/materia.html?materia=56030&ano=62 |
| | Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-03. Planificación académica anual |
| | Procedemento documentado para a revisión e mellora do titulo | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-02. Revisión de la eficacia y mejora del título |
| | Procedemento documentado da oferta formativa | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/index.html,Titulacións |
| | Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do titulo | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, Manual do sistema |
| | Criterios de suspensión do titulo | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-02. Suspensión do título |
| | Desenvolvemento da ensinanza | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, de PC-06 a PC-10 |
| | Procedemento documentado para a suspensión do titulo | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-02. Suspensión do título |
| | Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-04. Xestión das incidencias |
| | Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais | http://www.usc.es/sxa/index.php |
| | Perfil de ingreso recomendado | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 4.2., p. 22 |
| | Perfil de egreso | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Normativa académica do curso | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/normativa/ |
| | Baremo empregado no proceso de admisión | http://www.usc.es/sxa/index.php |
| | Calendario de pre-inscrición | Non existe |
| | Listados de admitidos/excluídos (provisional, definitivo) | http://www.ciug.cesga.es |
| | Información sobre o seguro escolar | http://www.usc.es/servizos/oiu/seguro_escolar.html |
| | Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do estudante | http://www.usc.es/gl/servizos/coie/ |
| | Información sobre o servizo de apoio ao emprego | http://www.usc.es/gl/servizos/saee/index.html |
| | Información sobre cursos a estudantes | http://www.usc.es/es/cursos/ |
| | Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado | http://www.usc.es/cultura/<br>http://www.usc.es/es/servizos/deportes/<br>http://www.usc.es/gl/servizos/sepiu/volunt.html |
| | Información sobre a mobilidade | http://www.usc.es/es/goberno/vrrelins/portal_internacional/movilidad.html |

| | | |
|---|---|---|
| | | http://www.usc.es/gl/servizos/ore |
| | Información sobre as practicas externas, se as houbese | Non hai. |
| | Información sobre o plan de acción titorial | Non dispoñible ata o momento. |
| | Normativa académica | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/normativa/xeral.html |
| | Procedemento documentado dos perfis de ingreso/egreso e captación de estudantes | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9 |
| | Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 4.1, p. 20<br>http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-04 Captación de estudiantes |
| | Procedemento documentado de orientación aos estudantes | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 4.3., p. 22<br>http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-06 Titoría e orientación ó estudante |
| | Procedemento documentado de mobilidade dos estudantes | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 5.2., p. 30<br>http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, Programa de movilidade de estudantes |
| | Procedemento documentado de practicas externas, se as houbese | Non hai. |
| | Procedemento documentado de orientación profesional | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 2.1 p. 5<br>http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-06 Titoría e orientación ó estudante |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Recursos humanos** | Descrición do profesorado | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/titulacions.html?plan=12721&estudio=12722&codEstudio=12330&valor=9http://www.usc.es/gl/departamentos/loxfimog/profesorado.html<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/fsfantg/profesorado.html |
| | Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G5031_Filosofia_x2009_10x.pdf |
| | Procedemento documentado da política do PDI e PAS | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PS 01 Xestión dos recursos humanos |
| | Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación) | http://www.usc.es/gl/servizos/sxp/<br>http://www1.usc.es/webvprof/inicio.asp<br>http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/index.html |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Recursos materiais e servizos** | Aulas e seminarios | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/infraestruturas.html |
| | Espazo do persoal académico | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/profesorado.html |
| | Laboratorios | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/infraestruturas.html |
| | Salas de informática | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/infraestruturas.html?Num_ONE=958&id=Aula+Inform%E1tica |
| | Salas de estudo | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/infraestruturas.html |
| | Outros espazos para os estudantes | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/infraestruturas.html |
| | Biblioteca | http://busc.usc.es/A_Biblioteca/Puntos_de_servizo/interpsicoeduc.asp |
| | Servizos dispoñibles | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/infraestruturas.html |
| | Espazos para os representantes de estudantes | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo 7.1, p. 111 |
| | Outros equipamentos | --- |
| | Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PS-02 |
| | Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PS-03 |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Resultados** | Taxa de rendemento | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/descargasgrao/taxa_rendemento_titulo.pdf |
| | Taxa de abandono | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/descargasgrao/taxa_abandondo_adelantada_titulo.pdf |
| | Taxa de eficiencia | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/descargasgrao/taxa_eficiencia_graduados_titulo.pdf |
| | Taxa de graduación | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/descargasgrao/taxa_graduacion_titulo.pdf |
| | Outras taxas que o titulo fai publicas (SGIC) | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/descargasgrao/taxa_rendemento_titulo.pdf |
| | Taxas de inserción laboral | http://www.acsug.es/webs/inser.php |
| | Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/programa_materias.html |
| | Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-02. Revisión de la eficacia y mejora del título |
| | Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/programa_materias.html |
| | Procedemento documentado para o control de resultados académicos | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-01. Medición, análisis y mejora |
| | Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PE-01. Planificación estratéxica do centro |
| | Procedemento documentado de información publica | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-11. Información pública |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Sistema de garantía da calidade** | Órganos responsables do sistema de garantía da calidade do título | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| | De ser o caso, planificación estratéxica | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| | Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-02. Revisión da eficacia e mellora do título |
| | Procedementos documentados para garantizar a calidade das practicas externas e os programas de mobilidade | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-08. Xestión das prácticas externas |
| | Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-02. Revisión da eficacia e mellora do título |
| | Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-03. Medición da satisfacción dos grupos de interés |
| | Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PM-04. Xestión das incidencias |
| | Procedemento documentado de suspensión/extinción do titulo | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html, PC-02. Suspensión do título |
| | Manual do SGIC | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| | Informe final de certificación do SGIC | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| | Listado de documentos en vigor do SGIC | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/sgic.html |
| **Calendario de implantación** | Cronograma de implantación do titulo | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 10.1, p. 131 |
| | Información sobre a adaptación, no seu caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 10.2, p. 131 |
| | Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente titulo proposto | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/filosofia/descargas/Resol_adaptacion_Filosofia.pdf, aptdo. 10.3, p. 137 |

## 3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

**Descrición do título**

*Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Dentro do criterio 1. Descrición do título, houbo variacións e/ou realizáronse accións nalgúns puntos:

***-1.4. Número de prazas de novo ingreso ofertadas (estimación para os primeiros 4 anos)***

No curso 2010-11, debido ao ingreso duns 90 alunos/as, a Xunta de Facultade aprobou un numerus clausus para o curso 2011-12, fixándose en 65 o número de prazas ofertadas para estudantes de novo ingreso.

Esas 65 prazas cubríronse integramente no curso 2012-13. Considerando isto e que a Xunta de Galicia estableceu en 50 o mínimo promedio de estudantes de novo ingreso en tres anos para os graos, a Xunta de Facultade decidira manter ese numerus clausus de 65 para o curso 2012-13. Para o curso 2013-14 acordouse manter tamén ese mesmo numerus clausus.

***---1.6 [...]*** *Lingua(s) utilizadas ao longo do proceso formativo*

Un alto número de materias do Grao en Filosofía son impartidas en galego, sendo así este un título no que se aprecia unha posición de notábel avance cara á normalización. Por outra banda, continuóuse a avanzar (cumprindo con indicado pola USC), no proceso de dispor dos programas en castelán e galego, e nunha terceira lingua, fundamentalmente o inglés. No curso 2013-14 houbo materias que incluiron o programa en inglés (*Introdución á Ética* e *Ética II*) e en alemán (Metafísica I, Metafísica II, Historia da Filosofía. Século XIX).

**Conclusión**: As accións realizadas até aqui foran as de maior necesidade, mais tense a intención de continuar avanzando nesta dirección no futuro. Dispomos de documentación acreditativa da súa execución, que consiste fundamentalmente nas actas das reunións de coordinación, da CCC e da Xunta de Facultade.

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Participación do estudantado nos Premios de Calidade e Excelencia Lingüística, organizados pola Facultade e o Servizo de Normalización Lingüística da USC.

-Realización de obras de acondicionamento e mellora nas instalacións da Facultade.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Acción:Avanzar cara a xeralización e normalización dos programas das materias en inglés e promover a súa presentación noutros idiomas; a estes efectos: a) instarase aos departamentos e profesores/as a que o fagan na medida do posible cos seus propios medios; b) recomendación de implicar ás/aos bolseiras/os neste labor; c) recabar axuda dos servizos universitarios; d) na medida das posibilidades formular medidas de co-financiamento cos departamentos. Responsábeis: Equipa decanal, profesorado de Facultade. Tempo, prazo: curso 2013-14.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Con vistas á xeralización e normalización dos programas das materias inglés formúlanse as seguintes liñas de acción: a) instar a departamentos e profesores/as; b) recomendar a implicación de bolseiras/os neste labor; c) recabar axuda dos servizos universitarios; d) na medida das posibilidades formular medidas de co-financiamento cos departamentos para as tradicións. | Necesidade de asumir os condicionantes reais –entre eles o desamparo da administración central da USC- que están a impedir o logro dun necesario e elemental efecto (presentación dos programas en inglés) e poñer os medios posibles para remedialo. |

| Xustificación | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Dentro do criterio 2. Xustificacións, realizáronse accións nalgúns puntos:

***---2.1. Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional***

1) Seguindo a pauta marcada en cursos anteriores, no curso 2012-13 o título foi presentado a estudantes cun interese potencial en cursar o título dentro dos seguintes dous programas e avaliadas en ambos os dous casos: 1) "A Ponte" da USC, recibindo visitas de centros de Ensino Secundario na Facultade; 2) as Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional (XOUP) do Concello da Coruña. Para isto cóntase cunha presentación do título xa utilizada en anos anteriores elaborada polo anterior decano. Dado o éxito de anos anteriores considérase a utilidade de continuar a realizar estas actividades de difusión en cursos vindeiros.

Nesta perspectiva e en relación con outras iniciativas que a nova equipa decanal está a barallar, consideramos necesario potenciar a presentación do Grao de Filosofía, así como dos másteres ligados a el.

Suxerencia: Nestas presentacións salientaranse as cualidades formativas destas titulacións quepermiten e mesmo favorecen a adecuación a diversos ámbitos dentro do mundo laboral.

2) O título foi presentado na "Sesión Informativa Inicial" aos estudantes de 1º do Grao, en setembro de 2013 como se ten feito antes en 2012 e 2011. Fíxose tomando nota das experiencias habidas no Grao –cuxa primeira promoción saíu precisamente neste 2013-, con fin de potenciar certas conductas e corrixir outras.

***---2.3.2. Procedementos de consulta externos***

Continuóuse co proceso de consultas externas de institucións e organizacións con criterios relevantes para a nosa titulación. Neste sentido, a equipa decanal entrante está a traballar para realizar eses contactos.

É de destacar aquí a participación realizada na Rede Española de Filosofía desde o pasado curso 2012-13. O decano da antiga equipa decanal, saínte cara a finais de dito curso 2012-13, participou na criación desta. Esta rede, coas suas distintas comisións de docencia, investigación e ensino secundario, pode axudar significativamente á constitución de pontos de intercambio de experiencias e opinións que favorezan significativamente este procedemento de consulta externos.

De feito, nosa participación nesta rede ten posibilitado levar adiante consultas para a mellora da nosa titulación nun contexto de cambio que requiere esforzos de actualización. E podemos esperar resultados positivos no futuro en base a isto.

**Conclusión**: Consideránse Suficiente o grao de cumprimento polas accións realizadas, que son as de absoluta necesidade ou maior urxencia, e porque se dispón da documentación acreditativa da súa execución (Actas da Xunta de Facultade, Presentacións-guións para A Ponte e XOUP-A Coruña e para a Sesión Informativa Inicial, así como da documentación xerada polo desenvolvimento destas activades, que ademais son avaliadas polos organizadores, Actas da Conferencia de Decanos de Filosofía, outra documentación derivada das accións).

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Continúase co mantemento de relacións institucionais formais cos representantes das titulacións de Filosofía das universidades españolas, séguese co traballo realizado mediante a participación na Conferencia de Decanos/as de Filosofía por mor da participación na Rede Española de Filosofía.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

–Acción: Promoción de contactos con sectores e persoas, de dentro e fóra da universidade, cuxa opinión poida ser relevante cara á comprensión e reorientación dos estudios de filosofía.

-Acción: Contacto co Colexio Médico de A Coruña con vistas a unha colaboración no Instituto de Bioética.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Creación de foro –ou foros- de debate no que se integren os diversos colectivos e persoalidades cuxa opinión e actividade intelectual son de interese para a Filosofía académica. | Necesidade de integrar na actividade da Facultade a todos os sectores relevantes e necesidade de crear canles de interacción. |
| Espallar a participación desde o ámbito filosófico nas reflexións sobre este ámbito dadas fora da Facultade de Filosofía con repercusión social. | Necesidade de propiciar formas concretas de colaboración coa sociedade civil. |

| Competencias/Obxectivos |
|---|
| *Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.* |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** |

| Satisfactoria | A | <u>Suficiente</u> | <u>B</u> | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Con anterioridade, durante o periodo de traballo da anterior equipa decanal, as competencias foran abordadas en distintos sentidos:

1) Na programación das materias de 1º, 2º e 3º en 2010-11 para o curso 2011-12 e do conxunto do grao en 2011-12 para o curso 2012-13, establecendo os contidos, metodoloxía e avaliación para a consecución das competencias. Estas programacións foron aprobadas polos Consellos de Departamento e, ademais e en última instancia, pola Xunta de Facultade. E as programacións foron publicadas no prazo fixado na páxina da USC.
2) Co fin de solventar unha deficiencia notábel en competencias instrumentais xerais e en particular no campo do traballo en Filosofía que se ven detectando nas reunións de coordenación desde 2009-10 até agora levàronse a termo nos últimos anos distintas accións para a mellora. Estas inclúen o fincapé na insistencia neste aspecto entre o profesorado de 1º e o paso ao 1º cuadrimestre de 1º curso, feito xa no curso 2010-11, da materia unha materia, "Argumentación e Retórica". A maiores disto, tense organizado tamén un cursiño específico para estudantes de 1º sobre "competencias informacionais" en coordinación coa Biblioteca da USC. Este tense levado adiante en 2011-12 e 2012-13, e tamén no curso 2012-13.
3) Con anterioridade, nos cursos 2011-12 e 2012-13 tentouse levar adiante, dentro do Plano de Formación e Innovación Docente da USC, un curso sobre "guías docentes". En 2010-11, tivo que suspenderse por graves problemas persoais da profesora encargada, e o ano seguinte por non xuntarse o número suficiente de profesores (debe considerarse aqui que alguns destes xa participaran noutros cursos sobre a elaboración de guías docentes). Retomarase no curso 2013-14. Para garantir que este ano esta iniciativa si poida ser finalmente levada adiante O obxectivo plantexado é dispor de guías docentes de todas as materias do grao.

Ademais disto, para termos unha mellor perspectiva das eivas que poidan darse na adquisición das competencias, a partir do curso 2012-13 decidíuse incorporar unha nova medida consistente en que nas reunións de coordenación por curso, realizadas ao inicio de cada cuadrimestre, participen tamén os representantes do alunado para aportar as suas consideracións.

Por último, en relación a isto, queremos insistir -como xa se indicou no anterior informe de seguimento- en que consideramos que o actual sistema para a medición da satisfacción do estudantado non é axeitado. No anterior informe de seguimento xa indicáramoes que malia termos recibido unha calificación alta en anos anteriores, de 4,95 puntos sobre 7 no curso 2011-12 e de 5,6 no curso 2010-11, consideramos que o sistema de cumprimentación telemática non é totalmente fiábel. No curso 2012-13 os resultados baixaron a un 3,54, un resultado moito máis baixo, ainda que aprobado. Non é razoábel supór que isto se deba a un brusco e repentino descenso da calidade do ensino en dous anos. A razón pola que sabe explicar unhas variacións tan significativas consideramos que é a escasa fiabilidade do sistema de avaliación, que xa indicáramos mesmo cando os resultados desta eran moi favorábeis.

Entre os motivos polos que este sistema é cuestionábel está o feito de que existe a posibilidade de que esta enquisa de avaliación sexa respostada por persoas que nunca foron á aula, por exemplo. Mais ainda, o feito é que non hai nengun control sobre quen e en que situación pode encher a enquisa. A este respecto cómpre sinalar que non se trata só –o cal xa é grave- que se produzan resultados inxustos; o máis grave dende o punto de vista da calidade –e dende o punto de vista das máis elementais normas de decencia no uso dos recursos públicos e na xestión do común- é que as citadas enquisas non poden ser consideradas como tal, senón como unha simple -e custosa!- simulación pois os valores que dela se desprenden carecen de significación.

**Conclusión**: Deixando á marxe a nosa preocupación co modelo de enquisa telemática agora vixente, polo demais consideramos que as accións realizadas foron cumpridas de maneira suficiente en varios dos casos, como se amosa na documentación acreditativa da súa execución da que dispomos (Actas dos Consellos dos Departamentos, Actas da Xunta de Facultade, Actas das Reunións de Coordinación de 1º, 2º e 3º, Actas da CCC, outra documentación derivada das accións, como a realización do curso sobre "competeencias informacionais").

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Información ao profesorado, análise e debate acerca das taxas de rendemento e éxito por materias, que se teñen empregado como en anos anteriores como dados centrais a valorar nas reunións de coordenación de cada curso.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Acción: Organizar e realizar, como nos dous anos anteriores, un curso coordinado pola Facultade e a Biblioteca da USC, sobre "competencias informacionais", destinado aos estudantes de 1º. Responsábeis: equipa decanal, dirección da Biblioteca, profesora encargada. Tempo, prazo: segundo cuadrimestre do curso 2013-14.

-Acción: Retomar a organización e realización do curso sobre "guías docentes". Responsábeis: equipa decanal, profesora encargada. Tempo, prazo: segundo cuadrimestre do curso 2013-14.

–Acción: Propiciar a expresión do alunado verbo da docencia e os servizos da Facultade procurando que esa expresión teña a máxima eficacia mediante reunións da equipa decanal co estudantado. Responsábeis: equipa decanal. Tempo, prazo: realizouse a primeira o 13 de novembro de 2013, realizarase unha nova reunión na metade do segundo cuadrimestre do curso 2013-14.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Realización dun novo curso sobre competencias para a procura e o uso de fontes bibliográficas así como para outros fins relacionados co uso da información. | Necesidade de formar ao estudantado en filosofía na procura e xestión das fontes fundamentais para o seu estudo e traballo posterior, que constitúe a bibliografía. |
| Organización do curso sobre guías docentes mediante o cal o profesorado poderá redixir guías que utilizarán nas materias ao seu cargo. | Necesidade de xeralizar a disponibilidade de guías docentes das materias. |
| Organizar reunións de traballo específicas do Decano e Vicedecano cos representantes estudantís para estudar o problema da expresión e vehiculización efectiva da opinión do estudantado. Na medida do posible trasladar propostas ás respectivas Comisións e, por derradeiro, á Xunta de Facultade. | Necesidade de estudar formas de comunicación e acción que fagan máis áxil e eficaz a expresión por parte do alunado da súa opinión verbo da docencia e da Facultade en xeral. |

**Acceso e admisión de estudantes**

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Co relación ao criterio 4. Acceso e admisión de estudantes, cumpriuse o establecido na memoria, realizándose as seguintes accións:

***---4.1. Sistemas de información previa [...]***

1) De novo como o ano pasado a Facultade, con coñecemento e aprobación da Xunta de Facultade, participou no programa A Ponte da USC. Recibíronse as visitas programadas na que foi presentado o título (existe unha presentación-guión: contidos, perfil recomendado, desenvolvemento da ensinanza-apredizaxe, saídas profesionais) e ensinado o edificio: biblioteca, aulas e seminarios (asistindo uns minutos a unha clase), aula de informática en funcionamento, salón de actos, gabinetes e dependencias administrativas. Tamén se recibiron as visitas programadas polas XOUP do Concello da Coruña, como se indicou xa mais arriba.

---***4.1.2. Requisitos de acceso ao título***

No curso 2010-11, a Facultade suscribiu a posibilidade de admitir persoas sen estudos e con experiencia profesional en calquer campo e solicitou a correspondente modificación da memoria de verificación do título. Provisoriamente aceptada esta modificación, no curso 2011-12 concorreu un candidato que non superou a fase de selección. Posteriormente, en xullo de 2012, a ACSUG aceptou a modificación solicitada coa condición de modificar outras partes da memoria (competencias, planificación das ensinanzas e resultados), condición imposíbel de cumprir pola Facultade. Por tanto, non se inclue esa posibilidade de acceso ao título. A finais do curso 2012-13 tivo lugar a renovación da equipa decanal. No curso 2013-14, na actualidade, a nova equipa decanal está a considerar se no futuro poderían ou non levarse adiante modificacións neste ponto.

---***4.1.3. Perfil de acceso recomendado***

No curso 2012-13, os estudantes que accederon ao grao tiveron nun 64.8% unha nota media igual ou superior a 6. Con isto pódese percibir unha progresión rexistrada desde anos atrás, que de feito continúa tamén no presente curso 2012-13. E é que o número de estudantes con nota media igual ou superior a 6 foi: 42.9% en 2009-10, 57.1% en 2010-11, e 64.8% en 2011-12 e en 2012-13 dun 65,63%.

***---4.3. Sistemas de apoio e orientación aos/as estudantes unha vez matriculados/as***

1) Sesión Informativa Inicial, a cargo da equipa decanal, para os estudantes de 1º. Consta de: benvida, xeneralidades e puntos básicos (presentados polo decano); presentación do centro e o título polo vicedecano; presentación da biblioteca pola directora da mesma; presentación pola profesora encargada do sistema de titorías personalizadas. Fíxose ao inicio do curso, setembro de 2013; nesta presentación participaron ademais de o conxunto da equipa decanal, profesores de primeiro curso.

2) Sistema de titorías personalizadas: Preséntanse na sesión informativa inicial. Están ao cargo da Prof. Mª Luz Pintos, que coordina o funcionamento do sistema e realiza a asignación de titores. Para o curso 2011-12, propuxérase, como mellora, o incremento dos profesores participantes, o que non foi posíbel debido á carga docente soportada. Conitnuouse con este sistema de titorización en 2012-13.

3) Utilízase de maneira ampla a pantalla da Facultade; nela se poñen as informacións máis salientábeis que afectan aos estudantes e como resultado estas informacións resultan máis visíbeis aos estudantes.

**Conclusión**: Considéranse Suficiente o grao de cumprimento das accións propostas, que son as de absoluta necesidade ou maior urxencia, e porque se dispón da documentación acreditativa da súa execución (Actas da Xunta de Facultade, documentación derivada do programa A Ponte e das XOUP, Actas das Reunións de Coordinación de 1º, 2º e 3º, Actas da CCC, outra documentación derivada das accións, como listaxes de estudantes e titores).

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Presentación do título dentro do programa "A Ponte" e nas "Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional (XOUP)" do Concello da Coruña. Elaboración dunha presentación-guión para as sesións. Información da realización destas actividades á Xunta de Facultade.

-Desenvolvemento da presentación do título e o centro na "Sesión Informativa Inicial" para o estudantado de 1º.

-Sistema de titorías personalizadas dirixido a facilitar a incorporación dos estudantes de novo ingreso e, despois, a súa posterior evolución durante a realización dos estudos.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Acción: revisar o sistema de titorías personalizadas co fin de detectar o grao de participación e avaliar a súa eficacia. Responsábeis: equipa decanal, profesora encargada. Tempo, prazo: curso 2013-14.

-Acción: avaliar a posibilidade de pór en marcha na Facultade o sistema de titorización de estudantes por estudantes existente na USC, por medio da énfase na difusión da convocatoria e na información acerca deste sistema. Responsábeis: equipa decanal, coordinadores do progama na USC. Tempo, prazo: curso 2013-14. Esta medida fora considerada xa pola anterior equipa decanal sen terse topado finalmente a posibilidade de implementala, a nova equipa decanal reexaminará esta cuestión.

–Incluir na presentación oficial e no sistema de titorías unha información destinada a axudar a que o alumnado teña unha información clara e depurada sobre a proxección dos estudos de filosofía; isto se elaborará coa axuda para isto da información obtida nas reunións da equipa decanal co estudantado.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| A nova equipa decanal está a considerar a maneira de implantar a admisión de persoas de máis de 40 anos sen estudos e con experiencia laboral, proceso retrasado por causa de cambio na equipa decanal e problemas técnicos informáticos. | -Os estudos de filosofía poden ter interese para calquer profesional e este, cumprindo uns requisitos mínimos de formación e experiencia, está capacitado para cursalos. |
| A revisión das titorías personalizadas realizarase examinando o grao de satisfacción e as consideracións sobre a súa utilidade por parte do estudantado e da profª. ao cargo destas. | É preciso avaliar o éxito destas titorías e ver en que medida este sistema pode ser mellorado para acadar os seus fins. |
| Estudarase qué estímulos pode haber para que o estudantado titorice a outros estudantes; tomaránse como punto de partida outras experiencias dadas noutros centros. | Trátase dunha medida que podería ser moi positiva ao estimular o estudo polo maior grao de confianza no trato que pode haber entre os estudantes titores e titorizados. Así mesmo, pode estimular a preparación do estudantado titor. Para alén disto, é unha medida que pode incentivar unha maior comunicación e intercambio de ideas entre estudantes de distintos cursos, e unha maior dinamización nas actividades estudantís e o estudo no centro. |
| Accións coordinadas por Decano e Vicedecano: partindo de conversas cos estudantes tratar de elaborar materiais e vías de información nas que se implique a totalidade do profesorado. | Consciente da crise que afecta ás dús saídas tradicionais (docencia en secundaria e universidade) o estudantado de filosofía, mesmo ratificado na súa vocación, tende a caer nun certo fatalismo que con frecuencia adecta ao rendemento e/ou á orientación do seu traballo. Convén, xa que logo, promover unha actividade titorial que lle permite cohonestar os seus intereses teóricos cun razoábelmente ambicioso acceso ao mercado de traballo. |

| Planificación das ensinanzas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

No que atinxe ao criterio 5. Planificación das ensinanzas, cumpriuse o establecido na memoria e houbo variacións e/ou realizáronse varias accións:

***---5.1.1. Distribución do plano de estudos [...]: Traballo Fin de Grao***

-O programa e os criterios de avalación do TFG foran aprobados no curso 2011-12 pola equipa decanal, por encargo da Xunta de Facultade. Finalmente estes foron aprobados pola Xunta de Facultade na súa sesión de 18 de xuño de 2012. E foron publicados en prazo, xunto coas demais programacións das materias, na páxina da USC. No curso 2012-13 presentaronse os primeiros TFG.

-Á vista da experiencia nos primeiros TFG presentados e avaliados no curso pasado, para o presente curso 2013-14 aprobáronse varias medidas de mellora para optimizar o rendemento nos TFG e mellorar a súa avaliación.

***---5.1.2. [...]: Planificación das ensinanzas***

1) Nos cursos 2011-12 e 2012-13 ofreceranse os grupos de docencia interactiva adecuados ao número de estudantes: dous grupos en todas as materias de 1º e tamén en algunhas de 2º (grazas ao establecemento de numerus clausus a partir do curso 2011-12). No presente curso 2013 xeralizouse a impartición da docencia no conxunto do grao conforme a novas distribucións dos horarios das materias en sesións non xa de 2 e 1 hora para materias con docencia de 3 horas semanais, senón de 1,5 horas, coa separación entre sesións expositivas e interactivas e a separación en dous grupos nas materias de 1º e 2º do alunado para estas últimas. Polo de agora o que se ten observado é que isto ten resultado nun maior aproveitamento das aulas.

2) Neste presente curso comezouse a ofrecer ademais nunha das materias (Ética II), un curso de grao de apoio en 3º, sendo esta unha experiencia que poderia no futuro continuarse noutros casos.

***---5.2 [...] Mobilidade de estudantes propios e de acollida: Recoñecemento curricular e seguimento das accións***

En 2012-13, o proceso foi coordinado polo anterior vicedecano antes do cambio de equipa decanal, e polo actual logo dese cambio, comprendendo intercambios tanto propios como alleos, ao amparo dos programas Sócrates-Erasmus, Sicue-Séneca, convenios bilaterais e outros.

***---5.3.2. Descrición das materias***

1) O profesorado encargado elaborou as programacións (actividades formativas, docencia expositiva, docencia interactiva, actividades titoriais, avaliación) das materias de 1º, 2º, 3º e 4º. Ditas programacións foron obxecto de exame e aprobación nos Consellos dos Departamentos e, en última instancia, na Xunta de Facultade, publicándose a seguir na páxina da USC.

2) A Comisión de Horarios, na cal participan os estudantes, elaborou os horarios que foron aprobados en Xunta de Facultade.

3) Ao principio e ao final de cada cuadrimestre celebráronse reunións de coordinación entre os profesores de cada materia, convocadas e presididas polo coordenador do grao, o decano.

**Conclusión**: Consideránse Suficiente o grao de cumprimento polas accións realizadas, que son as de absoluta necesidade ou maior urxencia, e porque se dispón da documentación acreditativa da súa execución (Actas da Xunta de Facultade, Actas das Reunións de Coordinación, Actas da CCC, outra documentación derivada das accións).

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Elaboración dos horarios pola comisión de horarios, con representación dos estudantes, e aprobación na Xunta de Facultade.

-Análise da experiencia dos primeiros TFG presentados e elaboración de propostas para a súa mellora.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

---Acción: Revisión e difusión entre os estudantes de 4º das modificacións que houber da Normativa para a realización do TFG. Responsábeis: equipa decanal e comisión de grao. Tempo, prazo: primeiro cuadrimestre de 2013-14.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Elaboración dunha proposta –dentro da Normativa vixente- de normas para a elaboración dos TFG que será aprobada pola Comisión de Grao e a XF. | Trátase de crear unhas pautas comúns tanto para a elaboración como para a avaliación. |

| Recursos humanos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

No criterio 6. Recursos humanos, as variacións e accións afectaron de maneira significativa ao persoal académico.

***---6.1.1. Persoal académico***

Nos pasados cursos xubiláronse varios profesores: en 2008-09, un catedrático e un titular, en 2009-10, unha catedrática e dous titulares; en 2010-11, un catedrático e en 2011-12, un titular. No final do presente ano 2013 rematará o contrato doutro dos profesores. Isto ligado a unha mínima taxa de reposición traduciuse nunha **mingua extraordinaria de profesorado** que en determinadas áreas conleva niveis de dedicación incompatibles con calquera representación seria dunha universidade "de calidade". Cando falamos de "niveis de dedicación" non nos estamos a referir só nin principalmente ao número de créditos, que –contra calquera criterio serio de calidade– é como unicamente se contabiliza a adicación do profesorado, ignorando tres variables esenciais: a) número de alunos/as; b) número de programas a impartir; b) proporción de novas materias que se deban asumir (tendo en conta ao respecto a experiencia do/da profesor/a en relación coa nova materia e a maior/menor proximidade desta coa liña de especialización de cada profesor/a . Tendo isto en conta a situación se agrava. Nestes últimos cursos hai profesores/as que asumen unha irracional multiplicidade de materias que con frecuencia imparten por vez primeira. Considérese que os actuais calendarios docentes non deixan tempo para preparar cabalmente unha nova materia, co cal o grao de improvisación é inevitable e **en ningún caso achacábel ao profesorado**.

Pero non se trata só dunha mingua numérica. A calidade da docencia e a investigación vese tamén gravemente afectada pola práctica **ausencia de relevo xeracional**, factor este indiscutiblemente decisivo se se pretende unha universidade de calidade; parece evidente que hai unha certa correlación entre caliadde e capacidade innovadora e esta pesa sobre toos sobre as novas xeneracións. A práctica totalidade do profesorado supera os 55 anos, só hai 4 profesores menores de 50 anos estando todos eles coa súa situación sen estabilizar a pesar de que en xeral posúen brillante currículos e en varios casos completan a súa deicación co desempeño responsable e efeicaz de cargos académicos.

Este é o factor chave e sustantivo que afecta á calidade do noso centro. Todos os demais, incluída a penuria económica que coma todas/os padecemos, son adxectivos. Mais é a mingua do profesorado (suxestión, parece máis claro), o factor que máis contribúe ao deterioro da calidade non é achacable á Facultade. Fronte a el só podemos denuncialo e facer todos os esforzos que na nosa man estean por palialo. Nin a USC, nin a ACSUG, nin a Xunta de Galicia, nin o Ministerio de Educación deben, emporiso, interpretar esta actitude de incondicional responsabilidade cívica como mostra de resignación e mansedumbre.

É **imperioso que esta situación cambie**. Vemos necesaria a estabilización do persoal menor de 50 anos, así como un compromiso institucional que fixe os recursos con que contamos para levar a cabo o esforzo de mellora e adaptación da titulación á nova situacion. A administración que decreta números mínimos de alunos debe decretar tamén números mínimos de profesores/as que permitan garantir a eses alunos unha ensinanza de calidade. CONSTE.

Ainda que se ten optado por continuar sen un sistema para documentar a impartición da docencia, nos cursos pasados todos os incumprimentos foron rexistrados de xeito inmediato.

***---6.1.3. Previsión de profesorado: renovación, formación, adecuación***

Para facer fronte á perda de profesorado, en cantidade e calidade, derivada das xubilacións:

1) En 2010-11, foron contratados dous profesores interinos, a través de concurso segundo as regras e procedementos vixentes na USC. Ambos os dous profesores contratados son doutores, con experiencia investigadora en universidades estranxeiras.

2) En 2009-10, obtívose e contratouse un investigador dentro do programa Parga Pondal; e en 2010-11, outro investigador dentro do programa Juan de la Cierva. Ambos investigadores colaboran na docencia. Mais o primeiro remata contrato este ano e o segundo o ano vindeiro.

3) O profesorado, os grupos de investigación e os departamentos continuaron apostanto pola formación de investigadores, dirixindo doutorandos que se achan realizando as súas teses, sendo bolseiros ou non.

4) Canto á satisfacción do estudantado coa docencia recibida, en 2011-12, os resultados obtidos son positivos, bastante positivos: 4,95 puntos sobre un máximo de 7. Rexístrase unha leve descida con relación a 2010-11 (5.6). Aínda que insistimos na nula fiabilidade das enquisas de avaliación.

---Por outra parte, para paliar ás perdas cualitativas ocasionadas polas xubilacións, a Facultade e os seus departamentos impulsaron e apoiaron a contratación de profesores eméritos (un profesor en 2009 e unha profesora en 2010) e o nomeamento de profesores-investigadores Ad Honorem. En concreto, en 2011-12, obtívose o nomeamento dun profesor-investigador Ad Honorem, así como a prórroga dos outros dous existentes. Todos estes profesores, os eméritos e os Ad Honorem, colaboran na docencia, prestando apoio e asesoramento, e tamén na investigación. Sexa a iniciativa da equipa decanal ou dos consellos de departamento, todas as solicitudes son aprobadas pola Xunta de Facultade.

---Alén diso, como medio para propiciar o recoñecemento (eminentemente dentro do centro: entre o profesorado e cos estudantes), durante o curso, dous xubilados (eméritos ou Ad Honorem) imparten unha lección maxistral, unha con motivo do inicio de cada curso, no primeiro cuadrimestre, e outra con motivo da festividade do centro, no segundo cuadrimestre. Dita lección edítase en folleto e repártese ao persoal do centro (profesorado e persoal de apoio) e aos estudantes. Nos cursos 2011-12 e 2012-13 impartíronse dúas. Esta activade é aprobada pola Xunta de Facultade.

**Conclusión**: Considéranse Suficiente o grao de cumprimento polas accións realizadas, que son as de absoluta necesidade ou maior urxencia, e porque se dispón da documentación acreditativa da súa execución (Documentación xerada polas contratacións, Actas da Xunta de Facultade, outra documentación derivada das accións, como os folletos de cada Lección Maxistral).

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Manter a actividade investigadora e a formación de investigadores, procurar a captación de investigadores docentes dentro das posibilidades. Non ten sido posíbel avanzar mais nesta liña non por ausencia de interese e esforzo por parte do persoal docente e investigador da Facultade de Filosofía, senón pola ausencia de fondos que o permitan.

-Solicitar profesores eméritos e Ad Honorem.

-Organizar e realizar as Leccións Maxistrais.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Acción: Continuar fomentando a incorporación de docentes ao uso de plataformas de ensinanza virtual. Esta medida fora impulsada tamén pola anterior equipa decanal que conseguiu que mais docentes pasasen ao uso desta ferramenta. Continuarase fomentando esta medida levando difundindo a participación dos docentes no programa de formación para a adquisición do dominio destas plataformas, de maneira que no curso 2013-14 mais docentes adopten esta ferramenta. Responsábeis: equipa decanal, profesorado da facultade. Tempo, prazo: segundo cuadrimestre do curso 2013-14.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| -Diminución e renovación de profesorado.<br>-Prolongación da actividade dos profesores xubilados.<br>-Organización do curso sobre "guías docentes". -Continuar fomentando a incorporación de docentes ao uso de plataformas de ensinanza virtual. | -Xubilación de profesorado.<br>-Recortes orzamentais.<br>-Aproveitamento da experiencia docente e investigadora dos profesores xubilados.<br>-Necesidade de avanzar na implantación das guías docentes. |

| Recursos materiais e servizos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Con relación ao criterio 7. Recursos materiais e servizos, realizáronse as seguintes accións:

***---7.1. Disponibilidade e adecuación dos recursos materiais e os servizos clave***

A equipa decanal xa planexou e vai levar adiante a tranformación de tres espazos importantes na Facultade, o anterior local de alunos, o antigo local da fotocopiadora e o antigo gabinete de profesores/as visitantes convidados/as. Buscará a localización de novos espazos para o profesorado visitante, convertirá o antigo local da fotocopiadora nun espazo de usos múltiples, trasladará o local de estudantes ao antigo gabinete reservado ao profesorado visitante e creará un armacén e arquivo no antigo local de estudantes, que resultaba insuficiente para as necesidades destes.

*Biblioteca:*

*1)* Realizáronse os labores de mantemento e reposición necesarios no equipamento.

2) A adquisición de fondos (libros e revista) viuse reducida polos recortes orzamentais.

3) Desde 2010, a dirección da biblioteca, tras consulta aa equipa decanal, estableceu unha zona reservada aos estudantes de Filosofía.

4) Como no ano anterior, en 2012-13, presentouse a biblioteca ao alunado de 1º nas primeiras semanas do curso, e se realizou un curso de "competencias informacionais" dirixido a estudantes de 1º. Está prevista a súa impartición continuada deste curso en anos vindeiros.

***---7.2. Previsión [...]***

1) A equipa decanal está pendente das necesidades e ás posibilidades de mellora dos espazos e outros recursos materais. A Facultade concorre ás convocatorias de obras de reparación e mantemento da USC, cando non pode afrontalas cos seus orzamentos propios.

2) A Facultade e os departamentos atenderon as necesidades de instalación en gabinetes e de equipamento informático e similar básico do persoal docente e investigador.

**Conclusión**: Considerase satisfactorio o grao de cumprimento porque: i) os recursos materiais están en bo estado e funcionaron adecuadamente; ii) realizaronse accións para a sua mellora; as, iii) e porque se dispón da documentación acreditativa da súa execución (Documentación xerada polas obras e adquisicións, pola participación nas convocatorias de axudas, Actas da CCC e da Xunta de Facultade).

**BOAS PRÁCTICAS:**

-As necesidades e ás posibilidades de mellora dos espazos e outros recursos materais están sendo cubertas, e a equipa decanal está pendente das melloras que sexa preciso facer atendendo nesta liña ás solicitudes e propostas feitas na Xunta de Facultade.

-Existe un acordo de co-responsabilización cos departamentos para a renovación e dotación de equipamento básico informático e similar.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Acción: reacondicionamento dos locais da facultade, incluindo os seguintes:

-Relocalización do local de estudantes nun local mais amplo e axeitado, onde antes se acomodaba aos profesores visitantes.

- Habilitación dun espazo de usos múltiples no antiguo local da fotocopiadora.

- Acondicionamento de espazos para profesores visitantes perto do resto do persoal docente e investigador.

- Habilitación dun espazo de armacenaxe e arquivo no anterior local de estudantes.

Responsables: equipa decanal, Xunta de Facultade. Tempo, prazo: curso 2013-14.

3-14.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Traslado do local de estudantes que pasa a ocupar o espazo ata o de agora dedicado a profesoras/es convidadas/os. | O actual local de estudantes non reúne condicións. Aparte de ser un local cego e sen ventilación, non propicia o desenvolvemento de actividades autónomas por parte do estudantado. Consideramos bo a este respecto que o local de estudantes estexa onde de feito están os estudantes. |
| Reacondicionamento do antigo local da fotocopiadora como local de usos múltiples. | Un local destas características resultaría de gran utilidade para a dinamización da vida da Facultade, e o antigo local da fotocopiadora está actualmente sen uso. |
| Redistribución dos despachos para: a) acomodar a novos/as profesores/as, b) acomodar a profesores/as convidados/as, c) acomodar a profesores/as ad honorem e en xeral ex-profesores/as que manteñen un contacto activo coa facultade, d) acomodar unha nova asociación que se creará no curso 2013-2014 co fin de integrar os diferentes colectivos de persoas que xeran actividade filosófica, se moven arredor da Facultade de Filosofía e xeneran unha actividade complementaria que potencia a súa acción. | Con respecto ás/aos profesoras/es visitantes consideramos que é máis propio ubicalos xunto ás/aos súas/seus colegas. Por outra banda o actual local estaba disposto para aloxar simultaneamente a 5 profesoras/e. Aparte da improbabilidade de tal coincidencia, parece máis propio distribuilos/as e ubicalos/as na proximidade dos/as colegas cos que de maseira máis directa actúen.<br>A peculiaridade da titulación aconsella manter unha interrelación viva e productiva con determinados sectores filosoficamente activos. Dende este punto de vista buscamos optimizar o espazo, con certa flexibilidade e propiciando as sinerxias. |

| | |
|---|---|
| Reacomodación do antigo local de estudantes como arquivo e armacén. | Pola súa ubicación e condicións o local ata o de agora adicado a estudantes resulta óptimo para arquivo e armacén; o cal contriuirá a liberar espazos nos actuais despachos de xestión que, ademais de servir para os seus fins propios, ceden parte dos eu espazo á redacción da Revista *Ágora*, un dos máis prezados patrimonios da nosa Facultade |

**Resultados previstos**

*Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

No criterio 8. Resultados previstos, houbo algunhas variacións e efectuáronse varias accións.

**1) Coordenación: seguimento e resultados**

Nos cursos anteriores tiveron lugar distintas reunións de coordenación antes do comezo e ao final de cada cuadrimestre, permitiron seguir e apreciar os resultados durante o desenvolvemento da ensinanza-apredizaxe en cada cuadrimestre e ao remate do curso. Con respeito ao curso 2012-13 pódese indicar o seguinte con respeito á asistencia e participación na aula:

-1º curso: asisten ao redor de 50 alunos/as, se ben a asistencia podia oscilar entre distintas materias e momentos do curso entre aproximadamente 80 e 30. Aproximadamente entre 30 e 40 eran repetidores. O nivel de participación e interese é bo.

-2º curso: a asisten uns 30-40 alunos/as (aínda que nalgunha materia nalgúns momentos doblouse esta cantidade). A participación é moi alta e o nivel de interese tamén.

-3º curso: asisten uns 30 alunas/os, con oscilacións de mais e de menos 15 alunos polo regular. Ainda que o nivelde participación e interese deste curso descendeu con respeito a anos anteriores continúa a ser alto.

---4º curso: en 2011-12: a asistencia é de en torno a 10 alunas/os. O nivel de interese no traballo neste grupo é mais ben baixo en comparación cos outros cursos.

**2) Taxas de rendemento, éxito, avaliación**

-Taxa de rendemento do título

En 2012-13 as proporcións de aprobados sobre matriculados dan uns resultados francamente superiores aos dos anos pasados, de 62,24. No 2011-12 obtivérase un nivel mais baixo (52,6) inferior aos obtidos en 2009-10 (58,56) e en 2010-11 (61,24), no curso 2012-13 remontouse e acadouse o mellor resultado dos últimos ano. Como en anos pasados, o feito de que decrece o número de matriculados en 2º e en 3º, xa que non pasan os suspensos nos cursos anteriores (1º e 2º) aumenta o rendemento deses estudantes. Na mellora dos resultados, con todo, xoga tamén un papel moi importante o feito de que o novo grupo de 1º que se incorporou no curso 2012-13 ten tido un nivel o suficientemente alto para que se chegue a este resultado.

-Taxa de éxito do título

Os mellores resultados experimentados na taxa de rendemento pódense apreciar igualmente na taxa de éxito, na que poidemos ver un aumento moi notábel, chegándose ao 81,71. En 2011-12, as proporcións de aprobados sobre presentados ofreceran uns resultados (75.9) próximos aos obtidos 2009-10 (82.7) e 2010-11 (81.6). Coa taxa de éxito actual acádanse os mellores resultados dos últimos anos. Ainda así, a cuantía de repetidores/as, que nalgunhas materias poden ser bastantes, poidendo chegar aos 35, supón un problema para que este dado poida chegar a ser mellor, especialmente nos cursos 1º e 2º. A mellora na porcentaxe de alunos/as que teñen unha nota de entrada en 1º superior a 6 pode ser un factor que contribúa a esta mellora.

---Taxa de avaliación do título

Na taxa de avaliación tamén se experimentou unha mellora, chegándose a un 76,18. Esta mellora é, como nas dúas taxas anteriores, de varios pontos sobre a recollida o curso pasado, 2011-12, na que se acadara un 69.4, tamén dos obtidos en 2009-10 (70.2), e mesmo dos que acadáramos en 2010-11 (75). De novo, a mellora experimentada no nivel do alunado de entrada en 1º pode ser un factor que explique isto. Ainda asi, este dado debe ser estudado con prudencia, pois de feito no curso anterior ao aqui considerado, o 2011-12, os resultados non chegaran ao nivel de 2010-11 (tampouco na taxa de rendemento nen de éxito) malia terse dado unha mellora neste indicador.

**3) Estimación xeral**

Como no ano anterior, nesta ocasión consideramos que en xeral, os resultados están dentro do previsto e sinalado na MVT. Tense que considerar aquí que o estudantado de filosofía ten unha tendencia moito maior do que acontece noutros campos de estudo a levar adiante os seus estudos cun alto grao de autodidactismo, o que favorece a descontinuidade nos estudos e o non seguimento da orden estabelecida na planificación dos estudos de Grao (como xa antes acontecía na Licenciatura), pois a Filosofía, desperta interese no estudantado moito máis alá dos estudos regrados. No anterior informe de seguimento indicábase que na Licenciatura se observaba que a bolsa de desistencias situábase no continuum 1º-2º-3º, de tal maneira que os estudantes que franqueaban ese nivel xa concluían a Licenciatura. No Grao polo que se observa esa bolsa de desistencias parece estar no continuum 1º-2º. Por outra parte, de momento é ainda incerta a resposta dos posíbeis graduados perante o TFG.

Un problema que se ten percibido é que hai materias para as cais hai un número de repetidores alto. Isto é un resultado dun feito que ten tamén outros problemas, que é a existencia de asimetrías na carga de traballo que distintas materias do grao pode esixir ao alunado. Nese sentido, a equipa decanal quere impulsar o estudo de medidas para subsanar ese problema, na procura dun equilibrio razoábel entre o nivel do estudantado en cada curso e as esixencias que se lle poidan plantexar nas distintas materias.

**Conclusión**: Consideránse Suficiente o grao de cumprimento porque os resultados que se están a producir encaixan no previsto na MVT. Alén diso, adoptáronse as accións máis necesarias para, sobre a marcha, incidir sobre o desenvolvemento da ensinanza-aprendizaxe e mellorar os resultados. Disponse da documentación acreditativa (Taxas, Actas das reunións de coordinación, da CCC, da Xunta de Facultade, etc.).

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Nomeamento de coordenadores de curso, un para cada curso (1º, 2º, 3º, 4º), para o ano académico 2012-13.

-Desde o curso 2010-11, insistencia na Sesión Informativa Inicial e por parte do profesorado de cada materia na necesidade de asistir ás aulas e levar un ritmo de traballo continuado para realizar as tarefas e superar as materias.

-Insistencia por parte do profesorado de cada materia na ensinanza-aprendizaxe das competencias e contidos básicos.

-Información, análise e debate acerca das taxas de rendemento e éxito por materias nas reunións de coordenación de curso e na Xunta de Facultade.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Estudo de correspondencias entre nivel de partida dos/das alunos/as verbo das esixencia formuladas en cada programa.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Na medida en que o estudo así o poña de manifesto debe haber propostas orientadas a adecuar os programas e a introducir as medidas adecuadas para na medida do posible corrixir os desaxustes. | Cumprimento efectivo do plano de estudos. Lograr que ao fío da carreira o alunado experimemte un grao de satisfacción consigo mesmo, de xeito de que, mesmo sendo crítico con aspectos do ensino recibido, teña a consciencia de ter avanzado na súa comprensión da filosofía e na súa formación. |

| Sistema de garantía da calidade | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Con relación ao criterio 9. SGIC e en xeral á calidade, cabe indicarse o seguinte:

-O SGIC do centro foi elaborado pola CCC no segundo cuadrimestre do curso 2009-10 e aprobado pola Xunta de Facultade en outubro de 2010. Non conseguiu, pois, entrar na 3ª convocatoria da ACSUG. Coas modificacións requeridas, aprobadas pola Xunta de Facultade en setembro de 2011, concorrerá á 4ª convocatoria e obtivera o informe positivo da ACSUG o 20 de abril de 2012.

***---9.1.2. A responsabilidade do SGIC nos centros***

1) CCC: 1) revisou e modificou o SGIC aprobado pola Xunta de Facultade en setembro de 2011; 2) a partir da información fornecida pola Comisión do Título, elaborou e aprobou o informe de seguimento do grao de Filosofía, correspondente a 2009-10 e 2010-11; 3) a partir da información fornecida polas comisións de título dos másteres revisou e aprobou os informes de seguimentos dos másteres, correspondentes a 2009-10 e 2010-11; 4) aprobou as alegacións correspondentes aos informes provisionais da ACSUG acerca do grao e o máster en Filosofía en xullo de 2012; 5) a partir da información fornecida pola Comisión do Título, elaborou e aprobou o informe de seguimento do grao de Filosofía, correspondente a 2011-12; 6) a partir da información fornecida pola comisión de título do máster en Filosofía revisou e aprobou o informe de seguimento correspondente a 2011-12; 7) no inicio do presente curso 2013-14, tras o cambio na equipa decanal, leva adiante un proceso extenso de revisión de todo o feito ate o momento e de conseguinte reflexión de cara ás posteriores propostas de mellora.

2) Comisión do Título: elaborou o borrador da memoria do título en 2010-11; elaborou o borrador do informe de seguimento correspondente a 2009-10 e 2010-11; elaborou o borrador do informe de seguimento correspondente a 2011-12.

3) Responsábel de Calidade do Centro: o vicedecano, que coordinou e/ou dirixiu os procesos relativos á calidade, como as encuestas de satisfacción dos estudantes coa docencia até 2011-12 en que pasaron a depender dos servizos centrais da USC e a ser cubertas de modo telemático.

4) Coordenador do Título: foi o decano da anterior equipa decanal, desde o curso 2009-10. Desde entón, exerceu tamén como coordinador de cada curso. En 2011-12 levou as reunións de coordinación de 1º, 2º e 3º.

5) Coordenadores de curso: ao termo do curso 2011-12 e para o curso 2012-13, a Xunta de Facultade nomeou un coodenador para cada curso (1º, 2º, 3º e 4º). Para o presente curso 2013-14 os cursos continúan a ter os seus coordenadores.

***---9.2.1. Avaliación do profesorado por parte dos estudantes***

1) Na actualidade o proceso de avaliación do profesorado é levado adiante directamente pola Vicerreitoría de Calidade e realizado de modo telemático. Desde o centro, lembráronse as datas para cumprimentar a encuesta, insistíndose na conveniencia da súa cumprimentación.

2) Con todo, como xa se insistiu arriba, na nosa opinión, este sistema non é rigoroso e os seus resultados non son fiábeis. Pérdese todo control sobre a enquisa, que é respondida fóra do contexto docente, e pode ser respondida por persoas que non foron nunca ás aulas. En realidade, pode potencialmente mesmo ser respondida por alguén diferente do aluno ou aluna.

3) O resultado obtivo na avaliación foi de 3,54 no curso 2012-13. Como xa se indicou acima, consideramos que isto é debido nunha parte fundamental ás deficiencias do método de avaliación. Sobre isto temos que sinalar que xa o ano pasado, no informe de seguimento do curso 2011-12, apuntábamos tais deficiencias mesmo malia que os resultados que daquela obtivéramos foran bastante positivos: 4,95 puntos sobre un máximo de 7 en 2011-12. Isto, con todo, non implica que non continuásemos a considerar deficiente este medio de avaliación. Un descenso tan notábel nun só ano non é explicábel en termos dunha baixada repentina da calidade do ensino, e con toda honestidade entendemos debe ser achacábel nunha moi grande medida ás eivas xa indicadas no sistema de avaliación. Isto obviamente non quere dicir que non haxa outros factores que contribúan a tais resultados fluctuantes, mais entendemos que a razón indicada xoga un papel chave en que os resultados teñan sufrido tais vaivéns.

***---9.2.2. Auto-avaliación do profesorado***

Dada a baixa participación en anos anteriores na auto-avaliación do profesorado adoptouse unha acción consistente en informar e insistir na necesidade de cubrir a encuesta para incrementar a participación. Isto foi levado a cabo no curso 2012-13, e insistiráse en facelo así mesmo no presente curso 2012-13.

***---9.2.3. Procedementos de revisión e mellora da calidade da ensinanza***

No transcurso do curso 2012-13, por medio das reunións de coordinación de cada un dos grupos (1º, 2º, 3º y 4º) fíxose un seguimento do desenvolvemento da ensinanza-aprendizaxe. As deficiencias detectadas foron obxecto de accións de mellora realizadas ao longo do curso, ou previstas para o próximo, incluídas neste informe.

A partir do presente curso 2013-14 a estas reunións de coordenación de cursos incorporaráse tamén ao alunado. No caso de 1º curso, ao non haber representantes por ser as eleicións de representantes estudantís posteriores ás datas da reunión de coordenación, serán representantes do estudantado de cursos superiores quen participen. Farase unha avaliación nas reunións de coordenación do segundos cuadrimestres dos obxectivos acadados en relación aos plantexados nos primeiros cuadrimestres, para alén das realizadas en relación aos plantexados en anos pasados.

***---9.3.1. Proceso de mobilidade***

En 2012-13, levouse a feito con normalidade baixo a dirección do responsábel do centro, o vicedecano, primeiro o da anterior equipa decanal e logo o da equipa decanal entrante. Houbo mobilidade propia dentro dos programas Sócrates-Erasmus e Sicue-Séneca; e mobilidade allea, dentro do Sócrates-Erasmus, o Sicue-Séneca e doutros programas (convenios bilaterais e outros). Isto continúa a acontecer no presente curso 2013-14.

***---9.5.2. Xestión de reclamacións, queixas e suxerncias***

